

valor constante da peseta, elaborado polo Banco de España.

b) A incautación, fidedignamente acreditada, de saldos en efectivo en contas e depósitos en entidades bancarias e financeiras legalmente autorizadas para operar como tales na data da incautación, sempre que as ditas contas e depósitos figurasen a nome dos beneficiarios establecidos no artigo 3 e a incautación fose consecuencia da aplicación da normativa a que se refire o artigo 1, parágrafo primeiro.

O importe da compensación será o que resulte de actualizala contía incautada segundo o índice do valor constante da peseta elaborado polo Banco de España.

2. O importe total máximo que se aboe por beneficiario será de 500.000.000 de pesetas polos dous conceptos compensables a que se refire o número anterior.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, no prazo de catro meses a partir da entrada en vigor desta lei, e por proposta conxunta dos ministros da Presidencia, de Xustiza e de Economía e Facenda, desenvolverá regulamentariamente o disposto nela.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

28994 LEI 44/1998, do 15 de decembro, de planta e organización territorial da xurisdicción militar. («BOE» 181, do 16-12-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen.
Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 9/1988, do 21 de abril, de planta e organización territorial da xurisdicción militar, promulgouse en desenvolvemento dos artigos 44 e 59 da Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, da competencia e organización da xurisdicción militar, nos que se establece que se determinará por lei a división territorial xurisdiccional militar de España e se sinalará a sede dos tribunais militares territoriais, co establecemento da demarcación destes.

A división territorial así deseñada carecía de suficiente base empírica que lle puidese atribuír unha vocación de permanencia no tempo, dada a moi recente reestructuración orgánica, competencial e procesual da xurisdicción castrense.

Os máis de oito anos transcorridos desde entón foron a suficiente experiencia que permite comprobala necesidade de revisar aquela distribución orixinal dos tribunais e xulgados togados militares territoriais, adecuando os recursos humanos e materiais ás esixencias actuais e ás previsibles no futuro, coa finalidade de obter un óptimo resultado en eficacia da xurisdicción militar.

Neste sentido, a análise do volume de asuntos dos actuais órganos xudiciais militares e as previsións do despregamento da Forza polo territorio nacional, son algunhas das razóns que determinan a conveniencia ou a necesidade de suprimir algúns deses órganos, altera-la xurisdicción territorial doutros ou establecer unha nova sede nun xulgado togado militar.

Partindo dos presupostos expresados, a presente lei reduce os xulgados togados militares territoriais de 28 a 18, suprimen a Sección Segunda do Tribunal Militar Territorial Primeiro e prevé expresamente a posibilidade de se pór en funcionamento, no momento en que o Goberno o determine, unha Segunda Sección exclusivamente no Tribunal Militar Territorial Segundo.

Xunto a estas previsións expresadas, esta lei, aínda tomando como referencia a división territorial actual da xurisdicción militar en cinco territorios, pretende fixalo ámbito espacial de cada un deles en función da ordenación do territorio do Estado en comunidades autónomas.

Neste sentido hai que ter en conta a importancia que teñen as comunidades autónomas na organización territorial do Estado, reflectida no marco do Poder Xudicial nos tribunais superiores de xustiza. Superar, por tanto, a actual distribución do territorio por provincias para efectos de fixalo ámbito territorial dos tribunais militares territoriais (tal como se recolle no artigo 1 da vixente Lei 9/1988) e suxeitarse ó criterio do artigo 2 da presente lei, que procura facer coincidir estes territorios coas distintas comunidades autónomas, é coherente coa estrutura territorial do Estado e, por tanto, cos mandados da nosa Constitución.

Artigo 1. *Tribunal Militar Central e xulgados togados militares centrais.*

O Tribunal Militar Central e os xulgados togados militares centrais teñen xurisdicción en toda España.

Artigo 2. *División territorial.*

Para os efectos xurisdiccionais militares, o territorio español divídese en:

Territorio primeiro: Comprende as comunidade autónomas de Castela-A Mancha, de Estremadura, da Rexión de Murcia, de Madrid e Valenciana.

Territorio segundo: Comprende a Comunidade Autónoma de Andalucía e as cidades de Ceuta e Melilla.

Territorio terceiro: Comprende as comunidades autónomas de Cataluña, de Aragón, das Illas Baleares e a Comunidade Foral de Navarra.

Territorio cuarto: Comprende as comunidades autónomas de Galicia, do Principado de Asturias, de Castela e León, de Cantabria, do País Vasco e da Rioxa.

Territorio quinto: Comprende a Comunidade Autónoma de Canarias.

Artigo 3. *Tribunais militares territoriais.*

En cada un dos territorios descritos no artigo anterior existirá un tribunal militar territorial que terá a sede seguinte:

Tribunal Militar Territorial Primeiro, Madrid.
Tribunal Militar Territorial Segundo, Sevilla.
Tribunal Militar Territorial Terceiro, Barcelona.
Tribunal Militar Territorial Cuarto, A Coruña.
Tribunal Militar Territorial Quinto, Santa Cruz de Tenerife.

Cada Tribunal Militar Territorial comporase dunha sección, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.

Artigo 4. *Segunda Sección do Tribunal Militar Territorial Segundo.*

Existirá unha Segunda Sección no Tribunal Militar Territorial Segundo, con sede en Sevilla, que se porá en funcionamento no momento en que o Goberno o determinar, mediante real decreto, se o cúmulo de asuntos xudiciais, a modificación no despregamento da Forza ou a celeridade na administración de xustiza así o aconsellan.

Artigo 5. *Composición dos tribunais militares territoriais.*

As seccións do tribunal militar territorial comporanse e constituiranse na forma que sinalan os artigos 46 e 51 da Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, da competencia e organización da xurisdicción militar.

Se na lista de cada Exército a que fai referencia o artigo 49 da Lei orgánica de competencia e organización da xurisdicción militar non houber nome ou suficiente número de nomes para extraer vocais militares dun determinado exército, suplirase acudindo á lista do territorio correspondente ó Tribunal Militar Territorial Primeiro.

Artigo 6. *Xulgados togados militares centrais.*

Con sede en Madrid, existirán os xulgados togados militares centrais números 1 e 2.

Artigo 7. *Demarcacións dos xulgados togados militares do territorio primeiro.*

No territorio primeiro as demarcacións, planta, número de orde e sede dos xulgados togados militares territoriais serán as seguintes:

a) Provincias de Madrid, Toledo, Ciudad Real, Cuenca, Guadalajara, Cáceres e Badajoz. Dous xulgados togados, cos números 11 e 12, con sede en Madrid.

b) Provincias de Castellón, Valencia, Alicante e Albacete. Un xulgado togado co número 13 e con sede en Valencia.

c) Provincia de Murcia. Un xulgado togado co número 14 e sede en Cartagena (Murcia).

Artigo 8. *Demarcacións dos xulgados togados militares do territorio segundo.*

No territorio segundo, as demarcacións, planta, número de orde e sede dos xulgados togados militares territoriais serán as seguintes:

a) Provincias de Córdoba, Sevilla, Huelva e Jaén. Un xulgado togado, co número 21 e sede en Sevilla.

b) Provincia de Cádiz. Un xulgado togado co número 22 e sede en San Fernando (Cádiz).

c) Provincias de Granada e Almería. Un xulgado togado co número 23 e sede en Almería.

d) Provincia de Málaga. Un xulgado togado co número 24 e sede en Málaga.

e) Ceuta. Un xulgado togado co número 25 e sede en Ceuta.

f) Melilla. Un xulgado togado co número 26 e sede en Melilla.

Artigo 9. *Demarcacións dos xulgados togados militares do territorio terceiro.*

No territorio terceiro, as demarcacións, planta, número de orde e sede dos xulgados togados militares territoriais serán as seguintes:

a) Provincias de Barcelona, Tarragona, Lleida e Girona. Un xulgado togado co número 31 e sede en Barcelona.

b) Provincias de Zaragoza, Huesca, Teruel e Navarra. Un xulgado togado co número 32 e sede en Zaragoza.

c) Provincia das Illes Balears. Un xulgado togado co número 33 e sede en Palma de Mallorca.

Artigo 10. *Demarcacións dos xulgados togados militares do territorio cuarto.*

No territorio cuarto, as demarcacións, planta, número de orde e sede dos xulgados togados militares territoriais serán as seguintes:

a) Provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Un xulgado togado co número 41 e sede na Coruña.

b) Provincias de Valladolid, Palencia, Zamora, Salamanca, Ávila, Segovia, Asturias e León. Un xulgado togado co número 42 e sede en Valladolid.

c) Provincias de Burgos, Cantabria, Soria, La Rioja, Vizcaya, Álava e Guipúzcoa. Un xulgado togado co número 43 e sede en Burgos.

Artigo 11. *Demarcacións dos xulgados togados militares do territorio quinto.*

No territorio quinto, as demarcacións, planta, número de orde e sede dos xulgados togados militares territoriais serán as seguintes:

a) Provincia de Santa Cruz de Tenerife. Un xulgado togado co número 51 e sede en Santa Cruz de Tenerife.

b) Provincia de Las Palmas. Un xulgado togado co número 52 e sede en Las Palmas de Gran Canaria.

Artigo 12. *Substitucións dos xuíces togados militares.*

Nos casos en que non poida actuar o xuíz togado militar competente, farase cargo do xulgado togado correspondente, sen prexuízo da titularidade do seu propio, o xuíz do mesmo territorio que, en trámite de urxencia, designe a Sala de Goberno do tribunal militar central, con observancia do disposto no artigo 55 da Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, da competencia e organización da xurisdicción militar.

Cando houber máis dun xulgado togado militar coa mesma demarcación, a designación recaerá no que lle corresponda segundo a quenda obxectiva levada polo xuíz decano.

Disposición adicional primeira.

Á entrada en vigor desta lei ficarán suprimidos a Segunda Sección de Madrid e os actuais xulgados togados militares territoriais números 13, 14, 15, 17, 22, 33, 42, 43, 46 e 53.

Continuarán nas súas funcións os actuais xulgados togados militares territoriais números 11, 12, 16 (que

pasará a se identificar co número 13), 18 (que pasará a se identificar co número 14), 19 (que pasará a se identificar co número 33), 21, 23 (que pasará a se identificar co número 22), 24 (que pasará a se identificar co número 23), 25 (que pasará a se identificar co número 24), 26 (que pasará a se identificar co número 25), 27 (que pasará a se identificar co número 26), 31, 32, 41, 44 (que pasará a se identificar co número 42), 45 (que pasará a se identificar co número 43), 51 e 52.

Disposición adicional segunda.

Os órganos xurisdiccionais que se suprimen remitirán ós órganos xudiciais militares que resulten competentes, no prazo dos trinta días anteriores á entrada en vigor desta lei, tódolos procedementos xudiciais que se sigan baixo a súa xurisdicción, mesmo os que se encontren en execución. Se tivesen sinalada vista, suspenderase.

Se a vista se celebre xa e a causa estivese unicamente pendente de sentenza, esta dictarase antes da súa remisión ó órgano que resulte competente de conformidade co previsto nesta lei.

Disposición derogatoria única.

Fica derogada a Lei 9/1988, do 21 de abril, de planta e organización territorial da xurisdicción militar.

Disposición derradeira única.

A presente lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

28995 LEI 45/1998, do 15 de decembro, sobre concesión de varios créditos extraordinarios, por importe de 8.070.673.205 pesetas, para lles aboar ás compañías aéreas as bonificacións aplicadas nas tarifas de pasaxes aéreas, durante os exercicios 1995 e 1996, ós cidadáns españois e dos demais Estados membros da Unión Europea residentes nas illas Baleares, nas illas Canarias e en Melilla. («BOE» 300, do 16-12-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen.
Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os créditos extraordinarios teñen por obxecto dotar os recursos necesarios para lles aboar ás compañías aéreas as bonificacións aplicadas nas tarifas das pasaxes aéreas, durante os exercicios 1995 e 1996, ós cidadáns espa-

ñois e dos demais Estados membros da Unión Europea residentes nas illas Baleares, nas illas Canarias e en Melilla.

A Lei 46/1981, do 29 de decembro, relativa a desprazamentos á península dos residentes nas illas Baleares dispuxo que os españois residentes nas illas Baleares disfrutasen dunha bonificación nas tarifas do transporte regular de pasaxes equivalente ó 25 por 100 do total importe delas para os traxectos entre o arquipélago e o resto do territorio nacional, e ó 10 por 100 dos interinsulares no arquipélago balear.

A Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988, estableceu na súa disposición adicional primeira.un que ós cidadáns españois e dos demais estados membros da Comunidade Económica Europea, residentes nas illas Canarias, en Ceuta e en Melilla, se lles aplicase unha redución nas tarifas dos servizos regulares de transporte de viaxeiros do 33 por 100 para os traxectos directos entre o arquipélago canario, Ceuta e Melilla e o resto do territorio nacional, e do 10 por 100 para os traxectos interinsulares no arquipélago canario.

O número dous da disposición adicional antes citada estende os beneficios contidos na Lei 46/1981, do 29 de decembro, que regula os desprazamentos dos residentes nas illas Baleares, ós cidadáns dos demais Estados membros da Comunidade Económica Europea que teñan a súa residencia no arquipélago balear.

A Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, recolle no seu artigo 6, para os cidadáns españois e dos demais Estados membros da Unión Europea residentes nas illas Canarias, as reducións do 33 por 100 para os traxectos directos no arquipélago canario e o resto do territorio nacional, e do 10 por 100 dos traxectos interinsulares no arquipélago canario, establecidas na disposición adicional primeira.un da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988.

Coa finalidade de atender as bonificacións realizadas polas compañías aéreas durante os exercicios 1995 e 1996, ós cidadáns españois e dos demais Estados membros da Unión Europea residentes nas illas Baleares, nas illas Canarias e en Melilla, tramítanse os presentes créditos extraordinarios de acordo co Consello de Estado, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. Concesión dos créditos extraordinarios.

Concédense créditos extraordinarios por importe total de 8.070.673.205 pesetas á sección 17 «Ministerio de Fomento», servizo 34 «Dirección Xeral de Aviación Civil», programa 515D «Subvencións e apoio ó transporte aéreo», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 48 «A familias e institucións sen fins de lucro», concepto 482 «Para aboar as bonificacións ó tráfico aéreo regular, dos residentes nas illas Canarias, Baleares e Melilla, aplicadas nos exercicios 1995 e 1996», co seguinte detalle:

Subconcepto	Denominación	Importe — Pesetas
00	«Bonificacións ó tráfico aéreo regular entre as illas Canarias e o resto do territorio nacional e no arquipélago canario, correspondentes ós exercicios 1995 e 1996»,	3.741.966.127